

Nota informativa sobre a Resolución do 5 de maio de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia (código de procedemento IN501A)

Segundo recolle a Resolución:

Artigo 3º. Proxectos subvencionables

1. Nos termos desta resolución, serán subvencionables os proxectos que integren actividades de carácter formativo non regrado así como actividades de carácter divulgativo que promovan a industria forestal de Galicia como unha industria estratéxica e de futuro.

(...)

Artigo 4º. Gastos subvencionables

(...)

2. Normas específicas para diferentes tipos de gasto.

a) No caso de actividades formativas non regradas, serán subvencionables os gastos correspondentes ás actividades en que se acredite a asistencia mínima de 10 alumnos, xustificada na forma establecida nesta resolución e sempre que polo menos o 70% do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80% da duración da actividade.

b) No caso de actividades divulgativas, agás aquelas que teñan un carácter exclusivamente de difusión por medios audiovisuais, serán subvencionables os gastos correspondentes sempre e cando se acredite a asistencia mínima de 20 persoas.

Aclaración:

No relativo á asistencia entenderase que poderá ser presencial ou virtual tanto no caso de actividades formativas como nas divulgativas debendo en todo caso cumprirse o resto dos requirimentos recollidos na convocatoria.